

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 22 DE AGOSTO DE 2023**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde en funcións D. Juan González Leirós (Resolución da Alcaldía núm 1338/2023, de data 4 de agosto)

### **ASISTENTES:**

D. Diego Alcantarilla Rei  
D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D.<sup>a</sup> María Mercedes Prieto Lamas  
D. Daniel Mallo Castro  
D.<sup>a</sup> Patricia María Parceró Quiñoy  
D. David López Saborido

### **INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez

### **SECRETARIA ACCIDENTAL:**

D.<sup>a</sup> Verónica María Otero López

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte e dous de agosto do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. alcalde en funcións D. Juan González Leirós (Resolución da Alcaldía núm 1338/2023, de data 4 de agosto), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Diego Alcantarilla Rei, D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta, D.<sup>a</sup> María Mercedes Prieto Lamas, D. Daniel Mallo Castro, D.<sup>a</sup> Patricia María Parceró Quiñoy e D. David López Saborido.

Asisten á sesión a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria accidental, D.<sup>a</sup> Verónica María Otero López.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 17 DE AGOSTO DE 2023**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 17 de agosto de 2023, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 17 de agosto de 2023.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria accidental dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Orde da Consellería de Política Social e Xuventude, de 1 de agosto de 2023, pola que se regulan as bases que rexerán a concesión das subvencións ás entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil, así como proxectos de voluntariado interxeneracional no medio rural, con base no proxecto piloto Talento interxeneracional no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento BS320A). DOG núm. 156, do 18-08-2023.

- Escrito de dona Ana Rodríguez López, concelleira delegada dos servizos de Deportes, Xuventude e Educación, no que comunica a súa ausencia do termo municipal do día 28 ao 30 de agosto de 2023, ambos os dous incluídos.

### **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELEIROS DELEGADOS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 11 ao 17 de agosto de 2023, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 1353/2023 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación núm. 1369/2023, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1353/2023	11-08-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 17 de agosto de 2023
1354/2023	11-08-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 77.050,44 euros, así como o seu pagamento
1355/2023	11-08-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para a ocupación de 20 m <sup>2</sup> de vía pública fronte ao citado edificio, polo prazo de tres meses, para a instalación dun andamio con motivo das obras de reparación e impermeabilización da súa fachada, obras que contan co preceptivo título habilitante trala presentación da comunicación previa. Solicitante: C.de P edificio sito nas rúas Otero Pedraio e Fernando Buesa
1356/2023	11-08-2023	Atribuír a LBF traballadora social, as funcións inherentes ao posto de coordinador de Servizos Sociais, nomeándoa coordinadora de Servizos Sociais en funcións durante o período comprendido entre o día 27 de xullo e o día 14 de agosto de 2023, ambos incluídos, datas nas que a funcionaria titular do dito posto estará ausente, cos efectos retributivos que correspondan segundo o establecido no artigo 9 do Regulamento para a asignación do complemento de produtividade do persoal do Concello de Cambre
1357/2023	14-08-2023	Conceder á funcionaria de carreira deste Concello RGI o anticipo de 3.000 euros para a reparación do seu vehículo, como así se establece no artigo 36 do acordo regulador, a devolver en vinte e catro meses, por un importe de 125 euros cada mensualidade e a descontar a partir do mes de setembro de 2023
1358/2023	14-08-2023	Iniciar expediente de orde de execución a VEM e aos herdeiros de LLS para a xestión da biomasa existente na finca sita en Coído, Brexo, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de

		abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1359/2023	14-08-2023	Iniciar expediente de orde de execución a MCE para a roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Peiraio, Bribes de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
1360/2023	14-08-2023	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de MdelPVP para a roza da vexetación existente na finca sita na rúa Pintor Lucio Muñoz, Cambre, que invade a vía pública, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
1361/2023	14-08-2023	Iniciar expediente de orde de execución a MDDT para a poda e roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Seoane, Anceis, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
1362/2023	14-08-2023	Iniciar expediente de orde de execución a NyME, S.L. para a poda das polas que veñen da finca sita no lugar de Muiños de Naya, Sigrás, que están a invadir a vía pública, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
1363/2023	14-08-2023	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de JRV para a poda das polas que veñen da finca sita no lugar de Souto Sigrás, que están a invadir a vía pública, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
1364/2023	14-08-2023	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de MCP ao fin de rozar a maleza existente na finca sita no lugar de Gaiteiro Sigrás, que están a invadir a vía pública, de acordo co disposto polos arts.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
1365/2023	14-08-2023	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de CID ao fin de podar e rozar a vexetación existente na finca sita no lugar de Meixigo, Cambre, que invade a vía pública, entrando en contacto co tendido eléctrico, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
1366/2023	14-08-2023	Conceder as axudas individuais de bonotaxi correspondentes á convocatoria de bonotaxi para persoas con diversidade funcional e mobilidade reducida para o exercicio do 2023, por importe de 700 euros cada unha. Inadmitir a trámite a solicitude de concesión da axuda individual de bonotaxi para persoas con diversidade funcional e mobilidade reducida para o exercicio do 2023, presentada en data 01.3.2023 por LMLP, por terse presentado fóra de prazo. Ter por desistido a JBC na súa solicitude de concesión da axuda individual de bonotaxi para persoas con diversidade funcional e mobilidade reducida para o exercicio do 2023, por non achegar a documentación requirida con data 3 de abril de 2023. Ter por desistido a SMM na súa solicitude de concesión da axuda individual de bonotaxi para persoas con diversidade funcional e mobilidade reducida para o exercicio do 2023, por non achegar a documentación requirida con data 4 de abril de 2023. Denegar a MLTV a axuda individual de bonotaxi para persoas con diversidade funcional e mobilidade reducida para o exercicio do 2023, por non reunir a solicitante os requisitos para solicitar a subvención establecidos na 3ª das bases da convocatoria. Denegar a APV a axuda individual de bonotaxi para persoas con diversidade funcional e mobilidade reducida para o exercicio do 2023, por non reunir o solicitante os requisitos para solicitar a subvención establecidos na 3ª das bases da convocatoria
1367/2023	14-08-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses. Solicitante: CPN
1368/2023	16-08-2023	Aprobar a relación de admitidos, con efectos do 3 de xullo, na axenda de verán do Programa de escolas de actividade física e saúde ano 2023
1369/2023	17-08-2023	Admitir a trámite a solicitude presentada o día 14/08/2023 por MdelMPM, en representación de GS, SL e aprobar á adhesión ao Programa SON de BARES do local de hostalaría Ribadín para a

		realización dun evento no exterior do mesmo o día 18/08/2023, con actuación musical de DJ Juan, en horario de 19:30 a 21:30 horas, e no lugar que consta no plano incorporado ao expediente, debendo cumprir coas condicións esixidas nas bases reguladoras do programa
--	--	---

#### **4.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún.

#### **5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e prace

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria accidental

Verónica María Otero López